

Os 650 ANOS DO
CASTELO DE ANDRADE



○ **Castelo de Nogueirosa**, sobre a **Pena Leboreira**, domina desde os seus máis de 300 m. de altura a vila de **Pontedeume** e contorna desde hai 650 anos.

Na **Idade Media**, ninguén era un señor importante sen castelo. O castelo, ademais de ser unha estrutura defensiva, era un símbolo de fortaleza e poder xurisdiccional, é dicir, da capacidade de gobernar e xulgar aos habitantes do señorío. E isto sabíao **Fernán Pérez de Andrade o Boo**, mesmo antes de ser señor.

No ano 1369 **Fernán Pérez de Andrade** aínda non era señor de **Pontedeume**. Con todo, o rei **Pedro**, derrotado e morto na **Guerra Civil** castelá que lle permitiu a **Henrique de Trastámara** acceder ao trono, concedéralle en 1364 as freguesías de **Narahío, Vilalba e Pontedeume**. Estas posesións non as tiña consolidadas habida conta do enfrontamento fraticida entre **Pedro** e o seu irmán bastardo **Henrique**, a quen **Fernán Pérez** apoiou finalmente. Mais, desde o asasinato do primeiro en **Montiel** no mes de marzo de 1369, suceso no que a lenda lle atribúe protagonismo a **Fernán Pérez**, non hai dúbida de que este persoeiro, por aquel entón aínda escudeiro, xa se consideraba como señor de facto destes territorios. E nada mellor para demostralo que a construción dunha fortaleza que dominara toda a entrada da ría e a vila de **Pontedeume**, futura capital dos seus estados.

É bastante probable que **Fernán Pérez** comezara esta construción xa a partires do momento en que **Henrique de Trastámara** tivo libre acceso ao trono castelá a finais de marzo de 1369. Isto explicaría que o 8 de xuño, poucos meses despois, teñamos a principal referencia documental que nos permite datar o comezo das obras neste ano:

a reclamación do prior do mosteiro de **Santa María de Sobrado dos Monxes**, frei **Juan Esteban Seijas**, e dos seus monxes, por mor de que a **Pena Leboreira**, rochedo sobre o cal se estaba a construír o castelo, estaba dentro do couto de **Nogueirosa**, un territorio sobre o cal o mosteiro de **Sobrado** tiña xurisdición. A transcripción do documento é a seguinte:

8 de xuño de 1369. Demanda do mosteiro de Sobrado contra Fernán Pérez de Andrade e os seus homes pola construción dun castelo na pena de Leboreiro, en terras propiedade do Mosteiro.

“Eira de mil e quatrocientos e sete años¹, oito días de junio en presencia de mí **Sebastián Pérez** y notario público del **Rey Nuestro Señor**, e de **Sobrado**, e dos testigos adeante escriptos estando eno cabildo do mosteiro de **Santa María de Sobrado da orden de Cistel** que he eno arçobispado de **Santiago**, don frey **Esteban Sejas Prior** do dito moesteiro por si e en nome do conbento do dicto moesteiro que presente esta e outorga disso que a el e ao dicto conbento era dicto que **Fernán Pérez de Andrade** escudeiro quería facer hum castelo et torres en a pena que chama do **Leboredo** que he eno couto de **Nogeyrosa** acerca da ponte deume aqual pena e couto e lugares e heredades e señorío era do dicto moesteiro de **Sobrado** et que o dicto **Fernán Pérez de Andrade** non temendo a **Deus** e en gran daño e perjuicio de sua alma por forza e contra boontade do dicto conbento e homes boos do dicto moesteiro quería façer o dicto castelo en a dita pena de **Leboredo** e en o dicto couto da qual cosa o dicto **Prior** e conbento desía que abían gran medo e temor de se les seguir de daño e perda do dicto moesteiro e de

¹ Ano de 1408 da era hispánica. Para ter o ano en era cristiá hai que restarlle 38 anos, resultando entón o 1369.

seus lugares e beees et que o dicto *Prior* e conbento abían medo e gran pabor do dicto *Fernán Pérez* e de seus homes dos corpos e dos avenços e juraban por sua ordeen que non ousaban ir a adicta pena de *Leboredo* nen a os dictos lugares nen enredado dicto *Fernán Pérez* facía esta dicta defensa, nen a cada hun de eles, et por esta causa que el o dicto *Prior* oze en este dicto día por sí e en nombre do dicto conbento que presente esta e outorga, que defendía e amparaba a dicta pena de *Leboredo* e heredades de enreda dela, et o dicto couto de *Noguerosa*, con fiador para dereito que dicto *Fernán Pérez* nen outros en nombre del non feciesen castillo ne fortaleza, ne casas, nenguna pena dista pena de *Leboredo* ne enas heredades denreda dela disendo o dicto *Prior* que daba a dicto fiador para ante seu señor el *Rey*, e para ante seus ministros e justicias en lo temporal.²

Fernán Pérez de Andrade fixo caso omiso deste preito dado que continuou coa construción, especialmente cando en decembro de 1371 *Henrique II* lle concedeu os señoríos de *Pontedeume* e *Ferrol*. O castelo estaba case rematado cara 1377, ano no que o monarca recompensou ao señor de *Andrade* coa doazón de tódolos terreos que alcanzase coa vista desde el. En 1380 estaba concluído con seguridade.

Con todo, a reclamación e preito iniciados polo mosteiro de *Sobrado* non caeron en saco roto. Finalmente chegaron a un acordo con *Fernán Pérez* mediante o cal os monxes aceptaban a construción do castelo a cambio de que o señor de *Pontedeume* aboase dez marabedís cada ano pola ocupación do emprazamento. Este acordo foi respectado por *Fernán Pérez* mais xa non polos seus sucesores, o que conlevou as

² LÓPEZ SANGIL, J. L., “Nogueirosa: su monasterio y su castillo”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 10 (2003), pp. 263-264.

queixas de *Sobrado* mesmo ata o século XVIII, pois un documento de 1733 aínda menciona este enfrontamento³.

Aínda que este castelo non foi lugar de residencia senón fortaleza defensiva e, como dicíamos, símbolo de poder, foi protagonista dalgúns dos principais acontecementos do século XV galego, principalmente nas revoltas irmandiñas. Estas revoltas, das máis importantes da *Europa* do seu tempo, foron levantamentos dos vasallos, campesinos, burgueses, fidalgos e mesmo algúns clérigos contra os seus señores “malfeitores” e de maneira especial contra os símbolos do seu poder, as fortalezas e castelos, habida conta precisamente do mal uso e abuso que deste poder facían. A *Crónica de Xoán II*, realizada aproximadamente durante a primeira metade do século XV, narra nun dos seus capítulos a primeira revolta irmandiña, protagonizada por *Roi Xordo* e a *Irmadade Fusquenlla* nos territorios dos *Andrade* contra *Nuno Freire de Andrade, o Mao*. Neste capítulo menciona que os irmandiños...

“fuéron á la puente de *Hume* que era deste *Nuño Freyle*, é tenían ende cercado un castillo suyo donde estaba su muger é sus hijos, quatrocientos hombres é más destes que se llamaban hermanos; peleáron con ellos é descercáron el castillo, é murieron ahí algunos de los hermanos, é otros fuéron presos y enforcados, é así se apaciguó este caso de *Galicia*.”⁴

Aínda que a crónica non especifica, é probable que se estea a referir ao *Castelo de Nogueirosa*, que foi cercado mais non tomado.

³ Vid. LÓPEZ SANGIL, J. L., “Nogueirosa: su monasterio y su castillo...”, o. c., pp. 265-268.

⁴ <https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=4740>

Entre 1467 e 1469 tivo lugar a gran revolta irmandiña, nun período de conflito social (fame e sobre todo os continuos abusos da nobreza) e crise dinástica nun contexto prebélico entre partidarios de Sabela, irmá do rei Henrique IV, e Xoana, a súa filla. Nesta situación, e co recordo aínda presente do ano 1431, levantáronse novamente os campesións, burgueses, fidalguía e mesmo membros do clero como reacción ante os agravios e males que recibían por parte dos nobres desde as fortalezas. Na zona dos **Andrade** o levantamento foi dirixido por **Alonso de Lanzós** xunto cos lugartenentes de **Pontedeume Alonso de Casal** e **Gonzalo Pillarte**. Por aquel entón era señor **Fernán Pérez de Andrade IV, o Mozo**, e tenente do castelo o seu fillo **Diego de Andrade**. O castelo foi cercado e parcialmente destruído e a vila de **Pontedeume** tomada, debendo fuxir o señor e mailo seu fillo. Sería **Diego de Andrade**, co seu pai xa falecido e trala reorganización e resposta armada da nobreza galaica, o que recuperou tanto a vila como o castelo en 1470, tralo axustizamento de **Alonso de Lanzós**. Foron os propios irmandiños os que tiveron que reconstruír o castelo, obrigados como represalia.

Con todo, un decreto dos **Reis Católicos** de 1480 supuxo o punto final do protagonismo deste castelo. A través de **Fernando de Acuña, Gobernador e Xustiza Maior do Reino de Galicia**, datado no 3 de agosto, ordeábase...

“que todas las fortalezas e casas fuertes que vos entendieredes que son dañosas a la casa pública del dicho reino [...] las tomedes e derribedes no envargante que esen fechas con licencia nuestra.”⁵

⁵ LÓPEZ HERMIDA, J., “El castillo de Andrade o de Nogueirosa”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 16 (2009), p. 216, nota a pé nº 8.

O que pretendían era que foran destruídas tódalas fortalezas rochedas que non eran cabeza de merindade de menos de 200 vasalos, para impór mellor a xustiza real. **Diego de Andrade**, leal partidario da monarquía, levou adiante este decreto e o castelo deixou de estar habitado trala súa morte en 1492, aínda que non foi (por sorte) destruído.

O paso do tempo fixo que caera algunha das súas partes, sobre todo da muralla, e as dependencias do patio de armas que eran habitadas polos 40-50 homes que podía albergar. Con todo, aínda conserva en bo estado a torre da homenaxe e a meirande parte do seu sistema defensivo, xunto coa porta e escudos de **Fernán Pérez de Andrade**, o seu construtor e primeiro señor.

Este bo estado da estrutura e a súa sólida presenza ao longo destes 650 anos fixo inspirar ao seu arredor diversas lendas, como a do túnel que comunica o castelo co **Torreón** do centro de **Pontedeume** ou a lenda do “castelo da fame”:

Contan en *Pontedeume* que, sendo señor da vila **Fernán Pérez de Andrade**, o alcaide do seu castelo, **Pero Lopes**, famoso pola súa crueldade e despotismo, namorouse dunha rapaza chamada **Elvira**, ama de compañía da señora de **Andrade**, á que servía no **Torreón de Pontedeume** onde vivían. Así e todo, ela rexeitou os seus amores porque xa era noiva de **Mauro**, o paxe favorito de don **Fernán**; o dixomedíxome afirmaba, porén, que era o seu fillo.

O alcaide non podía aturar que a doncela preferise a **Mauro** antes ca el e mandoulle ao único servente no que confiaba que secuestrase os amantes e os encerrase nunha dependencia da torre do castelo de **Andrade** á que ninguén máis podía acceder.

Os señores de *Pontedeume*, alarmados pola desaparición dos seus queridos **Mauro e Elvira**, andaron varios días na súa procura, pola vila e as parroquias

eumesas, as *Fragas do Eume*, os bosques de *Breamo* e as vilas e aldeas da contorna, pero todos os seus intentos por os atopar acabaron en fracaso.

O alcaide convenceu a don *Fernán* de que tiña datos que lle permitían asegurar que os dous namorados fuxiran xuntos ben lonxe por temor a que el ou a súa dona non autorizasen o seu matrimonio, xa que aínda eran moi novos. Os señores de *Andrade* levaron unha boa decepción porque non comprendían o comportamento de *Mauro* e *Elvira*, consideráronos uns desagradecidos e, malia que de cando en vez subían á azotea do *Torreón* coa esperanza de que regresasen, confiados nas explicacións de *Pero Lopes*, aceptaron resignados que non os volverían ver.

Os dous rapaces permaneceron longos meses encadeados na escura e solitaria cela na que os encerraran e o servente do alcaide, que era mudo, leváballes comida a diario. O único consolo para os amantes era que estaban xuntos.

Un día, cando o fiel servo do alcaide lles levou o xantar, o valente *Mauro* aproveitou que se inclinaba para deixar o prato no chan e golpeouno con tanta forza cos elos da súa cadea que o deixou ferido de morte. Conseguiu arrebatarlle as chaves dos grillóns e soltarse, pero, mentres foi liberar a *Elvira*, o carcereiro fuxiu coas chaves da cela e quedaron os namorados alí encerrados.

O servo foi quen de chegar ata os aposentos do alcaide e de lle contar por acenos, que era como se entendían, o que acontecera e, cando rematou o seu relato, expirou. O alcaide decidiu, como vinganza pola morte do seu servo, deixar morrer de fame a *Mauro* e mais a *Elvira*.

Así e todo, pasados varios meses e no seu leito de morte, o alcaide confesoulle ao señor de *Pontedeume* o que urdira contra os dous amantes. Cando chegaron á cela funesta do *Castelo de Andrade*, atoparon os seus cadáveres abrazados.

Don Fernán, para alivio dos eumeses, nomeou un alcaide máis xusto para o castelo e considerouse responsable, por negligencia, da morte do seu querido *Mauro* e mais de *Elvira*.

BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO ÁLVAREZ, C. de, GARCÍA, A., *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Ed. Espino Albar, Pontedeume, 2012.
- LÓPEZ HERMIDA, J., “El castillo de Andrade o de Nogueirosa”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 16 (2009), pp. 213-236.
- LÓPEZ SANGIL, J. L., “Nogueirosa: su monasterio y su castillo”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 10 (2003), pp. 249-268.
- <https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=4740>



www.pontedeume.gal



OFICINA DE TURISMO DE PONTEDEUME - TORREÓN DOS ANDRADE
Praza do Conde s/n
15600 Pontedeume




Deputación
DA CORUÑA




Pontedeume





1. Patio de armas

2. Torre da homenaxe



Os 650 ANOS DO
CASTELO DE ANDRADE